



ACTA Nº 2025/5

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 26 de marzo de 2025

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario xeral que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novao Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



A Alcaldesa-Presidenta excusa a ausencia de D. Mario Andujar Mouzo por motivos laborais e de D. Víctor Manuel Muíño Ramos por motivos persoais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o 13 de marzo de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G013/000001.

3º. Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza Fiscal núm. 26 reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G015/000001.

4º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre medidas orientadas ao desalpalancamento do parque de vivenda valeira no Concello de Vimianzo.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

6º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

7º. Dación de conta da xustificación das aportacións por parte do Concello aos grupos políticos municipais no ano 2024.

8º. Mocións de urxencia.

9º. Rogos e preguntas.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o 13 de marzo de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,



a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación a citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 13 de marzo de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G013/000001.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o venres, día 21 de marzo de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G013/000001.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de marzo de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación inicial da Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G013/000001.

Consta no expediente a Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de vimianzo, que está integrada por 19 artigos, 1 disposición transitoria, 1 disposición adicional primeira, 1 disposición final, 1 disposición derogatoria e anexos.

Tamén consta o informe emitido polo secretario en réxime de acumulación, asinado na data do 27 de febreiro de 2025, en sentido favorable á aprobación da dita Ordenanza, que dí o seguinte:

"INFORME DE SECRETARIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA SITUACIONES DE EMERXENCIA E INCLUSION SOCIAL DE VIMIANZO.

EXPEDIENTE: 2025/G013/0000001

Remítese a esta Secretaría expediente de aprobación dunha nova ordenanza reguladora das axudas para situación de emerxencia e inclusión social de Vimianzo ao efectos de informe xurídico.

Consta no expediente, providencia da Alcaldía de inicio, borrador da Ordenanza e Informe xustificativo dos Servizos Sociais.

En cumprimento do disposto no art art. 3.3 d) 1º do RD 128/2018 de 16 de marzo, emítese o seguinte INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE.-



- Constitución Española – CE-.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á Información e bo Goberno e Ley 1/2016, de 9 de decembro, de Transparencia, e bo goberno de Galicia (LTAIPBG)
- R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo - LALGA-.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS, PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN:

PRIMEIRO.- Proponse polos Servizos Sociais do Concello a través de informe xustificativo a modificación da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Vimianzo aprobada por acordo plenario de 25/5/2018 e publicada no BOP 143 de 30/07/2018 en base ao seguinte:

"Despois de varios anos aplicando a ordenanza fiscal antes mencionada, entendemos que se fai necesario introducir algunhas modificacións na mesma de cara a intentar non solo valorar e facer un diagnóstico social o máis obxectivo e xusto posible senón tamén intentar dar cabida a aquelas situacións sobrevidas que nos poidan poñer diante dunha situación de exclusión social ou risco de exclusión social ou diante dunha situación de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear nun proceso de exclusión, a pesares de que poida darse a circunstancia de que non cumpra algún dos requisitos establecido na ordenanza, sempre que estea debidamente xustificado. Así mesmo tamén con esta nova ordenanza se intenta dar cabida e recoller un amplo abanico de posibles conceptos en canto a axudas que se poidan percibir que poidan cubrir a dar resposta a situacións que poidan sobrevivir a unha familia e que non estaban contempladas na ordenanza anterior. Tamén se fai preciso introducir aspectos normativos que non estaban contemplados na normativa anterior sinalando como moi importante a Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de Medidas Fiscais e administrativas, que no seu artigo 29, modifica o artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. "Non terán carácter de subvencións as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial"

Neste caso trátase da aprobación duna ordenanza que regula as axudas para situacións de emerxencia e inclusión social e a súa aprobación implica a derogación da ordenanza vixente aprobada polo Pleno do Concello o 25/5/2018 e publicada no BOP 143 de 30 de xullo de 2018.

O art 25.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas seguintes materias: e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Coa presente Ordenanza trátase de regular esta competencia municipal e axustala á normativa autonómica de Servizos Sociais (Lei 13/2008 de 3 de decembro, Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e demais normativa autonómica.

SEGUNDO.- Deberán seguirse os seguintes trámites, regulados na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:



1.- Excepcionase o trámite de consulta pública do art. 133 da LPACAP o non ter un impacto significativo da actividade económica do concello e non impón obrigas relevantes aos detinatrios e ao tratarse da modificación dunha ordenanza xa aprobada con anterioridade, (art. 133.4 Lei 39/2015). Ao ter efectos económicos, deberá emitirse informe polo Sr. Interventor municipal.

2.- Previo Ditame da Comisión Informativa que corresponda, aprobación inicial polo Pleno da Corporación mediante acordo adoptado por maioría simple dos presentes, á vista do establecido no artigo 22.2.d) da LBRL.

3.- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante a publicación no BOP dun extracto da aprobación inicial da Ordenanza polo Pleno da Corporación indicando o lugar de exposición pública do expediente completo. Deberase publicar o texto íntegro da versión inicial da Ordenanza no Portal web. (art. 133.2 LPACAP)

4.- Informe das reclamacións e suxerencias presentadas no seu caso dentro do prazo mediante proposta de acordo rexeitando e incorporando as aceptadas ao texto definitivo, e remitindo ao Pleno para a aprobación definitiva, previo dictame da Comisión Informativa correspondente. Se non se presentan reclamación ou suxerencias enténdese definitivamente adoptado o acordo ata daquela provisional.

5.- Aprobación definitiva polo Pleno con resolución das alegacións que se teñan presentado.

6.- Publicación completa do texto da Ordenanza no BOP sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación e transcorre o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei de Bases (15 días hábiles a partir da recepción pola Comunidade Autónoma da comunicación do acordo adoptado).

8.- Publicación no Portal de Transparencia de toda a información relativa á normativa propia de aplicación do concello (art. 6 Lei 1/2016 de 18 de xaneiro LTAIPBG).

CONCLUSIÓN:

A vista do exposto esta Secretaría, INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente 2025/G013/0000001 non obstante a Corporación adoptará o acordo que estime máis convinte aos intereses municipais.

O que asino en Vimianzo

O secretario en réxime de acumulación
Constantino Cobas Coteló

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Visto canto antecede, proponse ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa de Benestar Social a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación inicialmente a Ordenanza reguladora das axudas para situacións de emerxencia e inclusión social do Concello de Vimianzo, asinada pola Alcaldía na data do 17 de marzo de 2025.



SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerencias que consideren oportunas.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Benestar Social, por seis votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente o fin da norma e remítese á explicación dada na Comisión Informativa correspondente, así como comunica que está a ter reunións para confeccionar unha ordenanza reguladora das terrazas.

Os voceiros dos grupos políticos da oposición mostran a súa conformidade coa ordenanza presentada.

Pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º.- Ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza Fiscal núm. 26 reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G015/000001.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o venres, día 21 de marzo de 2025, que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre aprobación inicial da Ordenanza Fiscal núm. 26 reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G015/000001.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de marzo de 2025, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación inicial da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Vimianzo. Exp. 2025/G015/000001.

Na actualidade o Concello de Vimianzo, está a prestar o servizo da escola infantil mediante centro de titularidade municipal, non integrado polo tanto na rede autonómica de escolas infantís, pero si sostido parcialmente con fondos autonómicos a través das correspondentes subvencións. O resto do financiamento provén dos fondos municipais e unha pequena parte das achegas dos usuarios.

Polo que respecta a estas achegas, a súa regulación municipal específica atópase na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil, cuxas tarifas (artigo 7) deben reflectir un sistema de copago equivalente ao establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica (Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería e Traballo e Benestar e Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia), polo que en prol de manter esa equivalencia, a última modificación levada a cabo polo concello foi no ano 2022 coa finalidade de incorporar á escola infantil municipal ao programa de gratuidade nas escolas infantís aprobado pola Xunta de Galicia para o curso 2022-2023 e sucesivos, o que na realidade supuxo estender a gratuidade ao conxunto do alumnado (modificación publicada no BOP 238 do 19.12.2022).

Tendo en conta as tarifas reflectidas pola Consellería competente, faise necesario modificar as tarifas de comedor.

Non obstante, dado que a taxa pola prestación do servizo público da escola infantil está regulada na Ordenanza fiscal núm. 24, onde está incluída as taxas pola prestación de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, resultaría convinte poder separar a ordenanza da escola infantil do resto das prestacións nas que está incluída.

Consta no expediente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal do Concello de Vimianzo, que está integrada por 13 artigos, 1 disposición derogatoria, 1 disposición adicional e 1 disposición derradeira.

Tamén consta o informe emitido polo secretario en réxime de acumulación, asinado na data do 18 de marzo de 2025, en sentido favorable á aprobación da dita Ordenanza, que dí o seguinte:

"INFORME DE SECRETARIA

ASUNTO: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACION DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VIMIANZO.

EXPEDIENTE: 2025/G015/0000001

Remítese a esta Secretaría expediente de aprobación dunha nova ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de Escola Infantil Municipal de Vimianzo ao efectos de informe xurídico.



Consta no expediente, providencia da Alcaldía de inicio, borrador da Ordenanza e Informe xustificativo da necesidade de modificación das taxas da EI Os Vimianziños emitido pola área de Servizos Sociais.

En cumprimento do disposto no art. 3.3 d) 1º do RD 128/2018 de 16 de marzo, emítese o seguinte INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á Información e bo Goberno e Ley 1/2016, de 9 de decembro, de Transparencia, e bo goberno de Galicia (LTAIPBG)
- R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

CONSIDERACIONES XURÍDICAS, PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN:

As taxas pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal de Vimianzo, na actualidade veñen reguladas na ordenanza fiscal nº 24 que regula tamén as taxas pola prestación dos servizos públicos municipais de: vivenda comunitaria, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Propónse pola Alcaldía a regulación fiscal das achegas dos usuarios da Escola Infantil Municipal nunha nova ordenanza independente e separada da vixente actualmente que é a Ordenanza fiscal nº 24 citada e que inclúe tamén os os servizos antes citados.

As tarifas da Escola Infantil están reguladas no art. 7 da vixente ordenanza fiscal nº 24 e deben reflectir un sistema de copago equivalente ao establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica (Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería e Traballo e Benestar e Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia). O Concello modificou en 2022 a ordenanza coa finalidade de incluír a Escola Infantil no programa de gratuidade da Xunta de Galicia (modificación publicada no BOP 238 de 19/12/2022).

O art 25.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas seguintes materias: e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e n) participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

Coa presente Ordenanza trátase de regular a Escola Infantil nunha ordenanza independente e separada do resto dos servizos que prevé a ordenanza 24 e axustala á normativa autonómica de Servizos Sociais (Lei 13/2008 de 3 de decembro, Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios, Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro e demais normativa autonómica) tanto no referente ás tarifas a aplicar así como tamén se xustifica no informe da área de benestar a modificación dos tramos das tarifas do comedor incorporar as merendas aos usuarios/as e para o cálculo das cotas dos/as alumnas matriculados/as. Asemade modifícanse os prezos do transporte, para actualizalos.



Deberán seguirse os seguintes trámites, regulados na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

Excepciónase o trámite de consulta pública do art. 133 da LPACAP o non ter un impacto significativo da actividade económica do concello e non impón obrigas relevantes aos detinatrios e tratarse da modificación dunha ordenanza xa aprobada con anterioridade, (art. 133.4 Ley 39/2015). Ao ter efectos económicos, deberá emitirse informe polo Sr. Interventor municipal.

1.- Previo Dictame da Comisión Informativa, aprobación inicial polo Pleno da Corporación mediante acordo adoptado por maioría simple.

2.- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante a publicación no BOP dun extracto da aprobación inicial da Ordenanza polo Pleno da Corporación indicando o lugar de exposición pública do expediente completo. Deberase publicar o texto íntegro da versión inicial da Ordenanza no Portal web. (art. 133.2 LPACAP)

3.- Informe das reclamacións e suxerencias presentadas no seu caso dentro do prazo mediante proposta de acordo rexeitando e incorporando as aceptadas ao texto definitivo, e remitindo ao Pleno para a aprobación definitiva, previo dictame da Comisión Informativa correspondente. Se non se presentan reclamación ou suxerencias enténdese definitivamente adoptado o acordo ata daquela provisional.

4.- Aprobación definitiva polo Pleno con resolución das alegacións que se teñan presentado.

5.- Publicación completa do texto da Ordenanza no BOP sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación e transcorre o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei de Bases (15 días hábiles a partir da recepción pola Comunidade Autónoma da comunicación do acordo adoptado).

7.- Publicación no Portal de Transparencia de toda a información relativa á normativa propia de aplicación do concello (art. 6 Lei 1/2016 de 18 de xaneiro LTAIPBG).

CONCLUSIÓN:

A vista do exposto esta Secretaría, INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente 2025/G015/0000001 non obstante a Corporación adoptará o acordo que estime máis convinte aos intereses municipais.”

Tendo en conta o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa de Benestar Social a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal núm. 26 reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal, asinada pola Alcaldía na data do 18 de marzo de 2025.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerencias que consideren oportunas.



TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Benestar Social, por seis votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo."

A Alcaldesa- Presidenta explica que se trata de cubrir os custos para que o servizo non sexa máis deficitario do que é, polo que é preciso dacordo á normativa da Xunta de Galicia cobrar a merenda e prestar un servizo eficiente.

D. Benjamín Queiro dí que subiron o transporte e o comedor e solicita que lle remita unha listaxe de espera da escola infantil.

A Alcaldesa-Presidenta comenta que ó ter tanto territorio, as rutas son moi longas e hai que regulalo, tamén refírese ás listas da agarda que xa están publicadas e o prazo de inscrición, en base ós datos fiscais do no 2023 sobre os que se fara a admisión.

Por último, comunica que están a buscar terreos para unha reubicación da escola para mellorar os seus servizos ante a alta demanda, pero hai propietarios que non queren vender e hai que negociar.

Pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre medidas orientadas ao desapalancamento do parque de vivenda valeira no Concello de Vimianzo.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o venres, día 21 de marzo de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre medidas orientadas ao desapalancamento do parque de vivenda valeira no Concello de Vimianzo.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, que na súa parte resolutiva dí o seguinte:



"(...) Polo que dende o grupo BNG no Concello de Vimianzo propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

- Bonificar a vivenda alugada, baixando o tipo impositivo no imposto de bens inmobles (IBI) ó 0,3%. Para este fin sería preciso modificar a Ordenanza Fiscal número 8, reguladora do imposto de bens inmobles, co fin de incluír un novo artigo que a citada bonificación.

- Subvencionar o seguro ó 100% seguro de morosidade e bandalismo durante 4 anos a todos os propietarios e propietarias que teñan a unha vivenda en aluguer convencional. Co fin de que o concello poida calcular un orzamento do servizo de cara unha licitación, propoñemos facer unha oferta inicial a subvencionar de 200 inmobles.

- Poñer a disposición da veciñanza un técnico/a de asesoramento e tramitación de axudas existentes nas diferentes administracións orientadas a reforma, remate ou mellora de vivenda. Así como publicitar e promocionar a existencia deste servizo nos medios de comunicación e redes sociais.

- Poñer en marcha o mecanismo posto a disposición dos concellos pola Xunta de Galicia para a adquisición de vivenda en estado ruinoso. (Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovacións urbanas de Galicia)."

O concelleiro do BNG, Sr. Queiro Pérez fai unha breve explicación do contido da moción.

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por un voto a favor do BNG, seis abstencións (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable a moción presentada."

D. Benjamín Queiro Pérez explica a moción que se refire ós problemas de aluguer de vivenda no ámbito urbano e rural o que provoca a perda de oportunidade de atraer poboación ó concello.

Dí que hai vivenda baleira sen aluguer, sen rematar, a xente descoñece as normas de axuda para rehabilitación e aluguer.

Calculou que a axuda ó seguro de aluguer, sería aproximadamente uns 40.000 euros resultantes de 200 euros por 200 vivendas e facilitaría á clase media o mesmo, baixando os prezos e mellorando o comercio.

D. José Manuel Rodríguez Blanco traslada que se ben está dacordo co fin da proposta, hai que cotexar a súa legalidade para implantala, e sen olvidar que hai que protexer tamén ó propietario polo que considera que hai que estudar o tema con detenemento.

A Alcaldesa-Presidenta comeza reflexionando sobre a imposibilidade de facer todo o que quixeran ó estar nun estado de dereito, e critica que se leven mocións a Pleno antes de analizar a súa prosperidade xurídica.



Tamén analiza a dificultade de aplicar as bonificacións do IBI xa que hai moitos edificios sen rematar onde se sitúan esas vivendas baleiras, sen división horizontal e número e tampouco hai posibilidade de adaptalos ante a nova normativa do CTE.

Pregunta se, tendo en conta que a bonificación sería aproximadamente de 25 ou 29 euros, iso sería incentivo para reformar e alugar as vivendas baleiras, e como se explicaría a veciñanza que se bonifica a alguén que se vai a lucrar cunha renda de aluguer, así como que o seguro cree que só cubre dous meses de impagos.

A continuación da lectura dos informes desfavorables ó contido da moción de Secretaría e Intervención municipal.

D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que a cousa está clarísima, non é viable.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que fixeron un estudio pormenorizado consultando con varias aseguradoras privadas, e que se supón tanto ó concello dita bonificación, xa que sería un incentivo para o aluguer.

Critica que non se ofenda cando se dá axudas de 200 á xente por ter fillos, e que trátase de cuestión de vontade, de querer cambiar as cousas, ou e que o SAF e competencia do Concello?, mais se presta. Remata solicitando que se poña asesoramento técnico en relación coas axudas para a rehabilitación.

A Alcaldesa-Presidenta reitera os puntos anteriormente ditos, e a imposibilidade segundo informe de Secretaría de financiar a prima do seguro, reprobando a comparación que fai entre este asunto e a axuda a fillos e o SAF que teñen que ver coa saúde.

Amáis, dí que xa hai un departamento de promoción económica que informa sobre estes asuntos.

Conclúe aludindo a que en política non todo vale.

D. Benjamín Queiro Pérez contesta que é demagogia o que comenta a Alcaldesa-Presidenta.

Pásase á votación do asunto, obténdose 2 votos a favor do BNG, unha abstención do Grupo Mixto-PP e 8 votos en contra do PSdeG-PSOE, non quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 27-01-2025 con número 98/2025 ata o día 21-03-2025 con número 422/2025.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2024.



Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 426/2025, do 24 de marzo de 2025, na que se resolve aprobar a liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2024.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Dación de conta da xustificación das aportacións por parte do Concello aos grupos políticos municipais no ano 2024.

O interventor dá conta das aportacións anuais aos diferentes grupos políticos municipais e traslada que foron debidamente xustificadas.

O Pleno do Concello douse por enterada.

8º. Mocións de urxencia.

Non constan.

9º. Rogos e preguntas.

A Alcaldesa-Presidenta aclara que as preguntas do presente Pleno as contestará no seguinte, e a continuación, da turno aos voceiros para que fagan as que estimen oportunas:

D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta e roga:

- En relación ó bache en Baíñas, se se vai a pavimentar.
- Cómo está a obra da estrada de Serramo a Baio.
- Talude en Padreiro.
- Cambio contadores de auga.
- Campo de Treos.
- Se os aparcamentos públicos son a través de cesión gratuita ou aluguer.

D. Benjamín Queiro Pérez pregunta e roga:

- Deficiente estado da rúa Tedín a Talleres Ideal.
- Necesidade de recalificar o terreo da Praza de Cereixo para poder ampliála.
- Situación de esterilización das poboacións de gatos.
- Renuncia á subvención de técnico de igualdade.
- Como está a revisión da RPT e Convenio Colectivo.
- Arranxo da rúa Castelao con Vázquez Mouzo, posibilidade de exención de auga e lixo.
- Repoñer as pedras na parte alta do campo da feira de Bamiro.
- PXOM.
- Aclarar que as subvencións dos seguros de aluguer serían para os inquilinos, ao que contesta o secretario aludindo que sería para o tomador do seguro que é o contratante, non para o arrendatario.



A Alcaldesa-Presidenta responde ás preguntas e rogos do Pleno anterior:

De D. José Manuel Rodríguez Blanco:

- Deslinde Camariñas: Estase esperando informe de urbanismo que están desbordados.
- RPT: Está en proceso con contrato dunha empresa externa, co fin de recompoñer o destrozo que fixo o BNG no seu día.
- Praza de Carantoña: As obras se intentarán facer antes do verán.
- Inundacións arqueta en Baíñas: adxudicouse provisionalmente, estase a licitar sobre 2.000.000 de euros con mesas de contratación continuas.
- Contenedor de Baíñas: Non están nos soportes porque é un herbal aquilo, a competencia é da Xunt de Galicia que tería que limpar os dous marxes das beirarrúas.

De D. Benjamín Queiro Pérez:

- Aclarar que nas redes do concello, non se bloqueou a ningún veciño.
- Árbore de Sanfins: Estase a barallar opcións con reunións para decidir que facer.
- Ampliación da Praza de Cereixo: Tiveron reunións con todos os implicados, así como co redactor do proxecto, pero despois de ir a Patrimonio e mostrar anteproxecto, hai moitas cousas que non permite facer e ó haber vivendas non se pode realizar por imposibilidade física.

Antes de plantexar melloras populistas, debería estudiarse e manifesta que comprouse o terreo en contra da súa opinión, xa que non era viable a actuación pretendida. En todo caso, manifesta a disposición para reunirse co equipo redactor e falar tamén do Pxom.

Entran nunha pequena trifulca, en relación con grabación por móbil de D. Benjamín Queiro Pérez que ensina e dí que non está a grabar, continúa un ambiente de crispación e reproches.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:42 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario xeral redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz